

Mostra o teu apoio ás persoas con TEA facendo 'Un xesto'

Escrito por ADMINISTRADOR

Luns, 20 Marzo 2017 09:29 - Modificado o Mércores, 14 Xuño 2017 10:06



FAI UN XESTO

1. Descarga a foto deste cartel e imprímeo.
2. Escribe no cartel a barreira coa que queres romper.
3. Sube unha foto, facendo o xesto de romper o cartel, a túas redes sociais cos hashtags #DiaMundialAutismo #AutismoGalicia
4. Tamén a podes enviar ao correo comunicacion@autismogalicia.org e a subiremos as nosa redes.

EXPLICACIÓN DA CAMPAÑA

Mostra o teu apoio ás persoas con TEA facendo 'Un xesto'

Escrito por ADMINISTRADOR

Luns, 20 Marzo 2017 09:29 - Modificado o Mércores, 14 Xuño 2017 10:06

'Rompamos xuntos barreiras polo autismo. Fagamos unha sociedade accesible' é o tema elixido este ano 2017 para celebrar o 2 de abril o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo.

As persoas con autismo enfróntanse a numerosas barreiras á hora de gozar dos seus dereitos fundamentais e de formar parte plenamente da comunidade.

As barreiras ás que se afrontan varían en función de cada individuo e das súas necesidades específicas. Para o movemento asociativo do autismo é moi importante que a sociedade entenda cales son esas barreiras porque iso permitirá unha mellor adaptación ás súas necesidades e reforzará a inclusión destas persoas en todos os ámbitos da sociedade.

Mostra o teu apoio ás persoas con TEA e ROMPE BARREIRAS POLO AUTISMO para poder facer unha sociedade inclusiva e accesible para TODOS.